



**PREGOS PRESCRIPCIONS TÉCNICAS QUE REXERÁ NA
CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN
PUBLICIDADE DO SERVIZO
“DESBROCE DE VIAIS DE PROPIEDAD MUNICIPAL EN DIVERSAS
PARROQUIAS DA ESTRADA”**



1.

2. OBXECTO DO CONTRATO

O presente Prego ten por obxecto a definición das condicións e características técnicas que definirán a execución do servizo de roza de vías de propiedade municipal en diversas parroquias da Estrada durante o ano 2018.

3. XUSTIFICACIÓN DO CONTRATO

A obriga de mantemento e conservación das pistas municipais e das condicións de seguridade da vía na circulación correspóndelle ao Concello.

A roza ten como fin evitar o efecto prexudicial que a vexetación ocasiona nas pistas de titularidade municipal, no só á vida do firme, polo feito de impedir unha rápida evacuación das augas, senón tamén pola seguridade dos usuarios das vías ao crear graves dificultades que orixina ao tránsito como consecuencia da redución de visibilidade que ocasiona.

Outra finalidade destes traballos é a de prevención dos incendios na época estival ao longo das estradas, que acumula unha importante cantidade de vexetación, sendo esta un combustible propicio tanto para o inicio do lume coma unha vía de propagación a outros lugares.

Por tanto, é necesario acometer os traballos de roza, co obxecto de proceder á eliminación da vexetación herbácea e arbustiva que medra tanto nas gabias como nas zonas contiguas.

Debido á gran lonxitude do conxunto de pistas do concello da Estrada e a os escasos medios de medios para acometer todos estes traballos necesarios a realizar na época estival onde a broza ten un pico máximo de desenrolo, é precisa a contratación destes traballos.

4. DESCRICIÓN DO SERVIZO

Consiste en roza mecánica de maleza polar dúas marxes, atinxindo a paseos, gabias e noiros contiguos, ben en terraplén ou en desmonte e mesmo a poda de árbores ata o que poida alcanzar a desbrozadora en todo o ancho da estrada ou camiño.

A altura máxima de calquera tipo de vexetación, despois da sega, no deberá superar nunca os 7 cm.

Ademais as pistas, tamén se actuará naqueles elementos que indique o responsable do contrato ou ben o Concelleiro de Obras e Servizos Municipais no rural

O servizo executarase de xeito que cause o menor trastorno posible aos usuarios das vías, En todo caso, o contratista estará obrigado a manter a sinalización permanente regulamentaria namentres duren os traballos ou riscos derivados.

Adoptaranse cantas medidas sexan necesarias para evitar que pequenas pedras saian despedidas e poidan causar lesións ou dano sa persoas ou cousas.

Os traballos realizaranse por treitos de cómo máximo de 2 km, e deberá haber sinalización de pre aviso nos inicios, no remate e de cada 500 metros.

Os días de néboa, chuvia intensa, etc nos que as condicións de visibilidade no sexan as axeitadas, deberán suspenderse os traballos que supoñan perigo para o tráfico rodado.

Deberán adoptarse as pertinentes medidas de seguridade e saúde no traballo.

5. PREZO DO CONTRATO

Para a determinación do prezo estimado do contrato, establécese como compoñente básico da presentación o metro lineal de pista efectivamente rozado en ambas marxes, e metro cadrado rozado no caso de parcelas., segundo se indica nos parágrafos seguintes:

- ✓ prezo por quilómetro de roza por ambos marxes da pista é de 190,08 €/quilómetro máis o 21% IVE (39,92 euros) resultando un total de 230,00 **euros/quilómetro IVE incluído**
- ✓ prezo por hectárea de roza de predio é de 342,98 €/hectárea máis o 21% IVE (72,02 euros) resultando un total de 415,00 **euros/hectárea IVE incluído**.

En consecuencia o valor estimado do contrato ascende á cantidade de 41.322,31 euros IVE máis o 21% IVE (8.677,69 euros), resultando o orzamento máximo do contrato á cantidade de **50.000,00 euros IVE (21%) incluído**.

Esta estimación de quilómetros e metros cadrados, fíxase para os efectos de consignación orzamentaria. A empresa adxudicataria en ningún caso terá dereito ao aboamento da totalidade dos quilómetros ou metros cadrados, senón unicamente aos axeitadamente rozados ao abeiro deste contrato

6. PRESTACIÓNS DO CONTRATO

O contratista adxudicatario para executar os traballos de roza mecánica terá que dispor de maquinaria, en bo estado de conservación. Asemade, irán dotados de máquina de brazo ou combinada brazo-terrera e dos elementos de sinalización e seguridade regulamentarios.



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

O contratista deberá presentar, durante a fase de concurso, documentación que acredite a dispoñibilidade de maquinaria destas características.

Os traballos incluírán todas as actuacións precisas para o corte e trituración da vexetación por medios mecánicos, eliminación de pólas, limpeza posterior da vías e das gabias, de xeito que quede un gálbo libre de 5,00 metros en todo o ancho da vía.

Unha vez finalizado, a vía debe quedar en perfectas condicións de presenza e uso.

O contratista está obrigado, durante o prazo de execución deste contrato, a ter permanentemente (en xornada habitual de traballo) e de forma inmediata a disposición do Concello e en condicións de funcionamento todos os medios materiais (tractores) e persoais esixidos neste prego. E, se é o caso, os ofertados para que de modo simultáneo se realicen os traballos obxecto deste contrato.

Para tal efecto o Responsable do Contrato, ou ben o Concelleiro de Obras e Servizos Municipais no Rural, darán a coñecer á empresa, cunha antelación dunha semana, o plan de traballo, indicando lugar de actuación, quilómetros estimados, etc.

Do mesmo xeito, semanalmente, a empresa contratista comunicará ao Responsable do contrato os traballos executados.

O contratista terá seguro de responsabilidade civil para eventuais danos a terceiros.

Tamén terá os vehículos convenientemente asegurados para a súa circulación e traballos na vía pública, tendo o seu cargo a adopción de todas cantas medidas fosen precisas para garantir a execución dos traballos nas debidas condicións de seguridade para os traballadores e para os usuarios das infraestruturas. Asemade, será obriga do contratista garantir as condicións de circulación e seguridade vial par aos usuarios das infraestruturas viarias.

7. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios para a adxudicación do contrato serán unicamente a oferta económica ata un total de 100 puntos.

Valoraranse neste apartado o prezo unitario por quilómetro de roza por ambos marxes da pista, así como o prezo de hectárea rozada en parcelas. Obterá a máxima puntuación a proposición da empresa que presente a mellor oferta respecto do prezo tipo de licitación, con cero puntos a oferta tipo e o resto proporcionalmente no intervalo.

En caso de empate entre dous ou mais contratistas, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña na súa plantilla maior número de traballadores munisválidos (non inferior as 2%) de conformidade co establecido na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP.

8. PRAZO DE EXECUCIÓN

O contrato terá unha duración ata o 31 de decembro de 2018, ou ata o remate da partida ornaméntaría destinada a este contrato, a contar dende a data sinalada no documento de formalización contractual. Se no mesmo non se indicara nada, a data de comezo da prestación será precisamente a formalización do contrato.

9. GARANTIA

Establecese un prazo de garantía de 6 meses

10. ABONO DOS TRABALLOS

O abono dos traballos realizarase contra factura mensual presentada pola empresa, que será abonada unha vez efectuados os controis regulamentarios correspondentes e conformada polo Responsable do Contrato, ou o Concelleiro de Obras e Servizos Municipais no Rural.

O Enxeñeiro Técnico Municipal

Asdo. Ramón Brea Villaverde

(Documento asinado dixitalmente á marxe)